

A PENA DA MOURA

Esta pena é moi nomeada en toda a bisbarra do Bocelo, non só pola súa magnitude, pois segundo os paisanos non a hai maior en toda España, senón tamén pola cantidade de ouro que garda nas súas entrañas.

Non naceu a pena alí, senón que a trouxo unha vella na cabeza, e a vella viña ao mesmo tempo fiando. Mais debía pesar moito, pois a vella, cando a deixou, dixo:

- Vaite, pena, que aínda pesas ben; aínda veña un raio que te parta!

E naquel mesmo instante, baixou un raio do ceo e tiroulle á pena un anaco que aínda hoxe se pode ver a carón mesmo dela.

Esta pena foi encantada cunha caldeira de cobre chea de ouro, un adival de seda e un bastón. Enrolaron o adival na caldeira, e facendo tres cruces sobre ela, co bastón, dixeron:

- O que de aquí te desencantar, tres paus con este bastón che ha de dar!

Mais non ben dixeron isto, o adival volveuse un culebrón feísimo, que fuxiu para o fondo da terra coa caldeira.

Agora, para desencantala, hai que buscar o bastón e mais o libro de San Cibrao, que sei que o tiña un crego do lado das Corredoiras.

Os montañeses traballaron moito para desenterrar o tesouro, e algunhas noites téñenas pasado en claro, suando para non atopar máis que desilusións.

Un día chegou un crego preguntando pola pena e acompañouno alí un veciño da Moruxosa. Chegando á pena díxolle o crego ao home:

- Mire: vostede vai facer todo canto eu faga, mais sen falar nin unha soa verba.

Logo de dicir isto, púxose o crego a ler e a desler nun libro, e conforme ía lendo, o penedo abríase pouco a pouco ata que se abriu de todo e deixou ao descuberto un altar con santos de ouro. Entón o cura pousou o libro aberto, cunhas pedriñas nas puntas para que non se pechase, pois se isto acontecía, tamén se pechaba a pena, e entrou deica o altar e colleu un santo. Mais o paisano tivo medo e non quixo seguir ao crego, que, ao saír, con moito anoxo contra el, tocou sen darse conta o libro, e o libro cerrouse, e ao cerrarse o libro tamén se pechou a pena. Mais aínda se nota hoxe a regandixa por onde abriu.



A Pena da Moura, Bocelo- Toques (Terra de

Relato recollido no *Terra de Melide*, Xosé Filguiera Valverde, edicións do Castro 1978